

XUNTOS FACEMOS MÁIS POR LARÍN

Larín experimentou unha mellora significativa en servizos esenciais como o abastecemento de auga e as comunicacións entre lugares, con avances na mobilidade en vehículo ou a pé, algo no que se seguirá traballando nos próximos meses.

FEITOS


- ✓ **RUTA DE BUS INTERPARROQUIAL.** O Concello de Arteixo mellorou a comunicación entre as zonas rurais cun servizo de bus que da cobertura a zonas que están lonxe das liñas regulares.
- ✓ **REDES DE ABASTECIMENTO.** Construíronse as redes principais de abastecemento de auga potable e evacuación de augas residuais. Máis do 90% da poboación de Larín ten acceso actualmente a eses servizos.
- ✓ **SENDA ENTRE O COQUE E O IGREXARIO.** O Concello adquiriu os terreos e sacou a concurso a contratación dunha senda peonil que comunique O Coque e O Igrexario, mellorando a superficie dos camiños para favorecer o tránsito a pé.
- ✓ **MELLORAS NO PARQUE INFANTIL DE SAN ROQUE.** Fixéronse as reparacións necesarias nos elementos do parque e mellorouse o equipamento da zona.
- ✓ **MANTEMENTO DAS VÍAS.** Observación e actuación frecuente para un bo mantemento e conservación das vías asfaltadas e das rurais de cascallo en toda a parroquia.

PROXECTOS

- ✓ **AMPLIACIÓN DO BUS INTERPARROQUIAL.** Carlos Calvelo seguirá traballando para mellorar as frecuencias e tamén aumentar o número de paradas para que o servizo estea dispoñible para un maior número de veciños.
- ✓ **COMPLETAR A REDE DE ABASTECIMENTO.** Rematarase a rede municipal de abastecemento de auga potable e sumidoiros nas zonas de Pedroso, Larín de arriba, Os Campos do Anido, Godón e Rexidoiros.
- ✓ **REALIZAR DIFERENTES SENDAS PEONÍS.** Está previsto tamén mellorar as comunicacións entre Anide e Graña, Anide e Larín de arriba, Rexidoiros e Fonte Loureira mediante sendas que permitan tránsito a pé. Ao mesmo tempo, seguirase traballando para culminar os proxectos de sendas que comuniquen Larín de arriba co Igrexario, O Igrexario con Paiosaco e Mirón con A Fraga.
- ✓ **CUBRICIÓN DE PARTE DO CAMPO DA FESTA.** Cubrirase parte do campo da festa en Larín para facer unha zona de xogos infantís e habilitar ao mesmo tempo un espazo resgardado para a celebración de eventos.
- ✓ **CESIÓN DO MONTE DE SAN ROQUE.** O Concello asumirá a cesión do monte de San Roque para a execución do mantemento e a conservación das súas instalacións.
- ✓ **MELLORAS NA ZONA DO IGREXARIO.** O Concello de Arteixo comprará dous terreos para mellorar o aparcamento e estudar a posibilidade dun campo da festa e zona de ocio na zona do Igrexario.



1



2



3

1. O goberno de Calvelo puxo en marcha un servizo de autobuses municipais
2. O goberno de Calvelo dotará a Larín de novas sendas peonís como a que partirá da escola infantil
3. O concello renovou o parque infantil do campo da festa